

Divulgaciencia, é un programa educativo promovido polo Concello de Soutomaior a través da Concellería de Educación que pretende despertar a curiosidade pola ciencia e difundir contidos científico - tecnolóxicos mediante accións cunha metodoloxía dinámica, experimental e lúdica na que poida participar toda a cidadanía. Apostando pola experimentación e a curiosidade e polo fomento das vocacións científicas, arredor da **acción principal que será a Feira de Ciencia**, haberá un programa de **actividades complementarias** dirixidas ao alumnado, profesorado e á cidadanía, en xeral, para achegar a ciencia a todas as persoas e colectivos.

Obxectivos

- Fomentar a autonomía e o pracer por experimentar sen medo a investigar.
- Divulgar contidos científicos dun xeito ameno e comprensible.
- Promover a participación plena e equitativa da muller na ciencia.
- Contribuír a igualdade de oportunidades.
- Fomentar vocacións científicas.
- Implicar á cidadanía en xeral en actividades de ciencia lúdicas e creativas.

Este proxecto está financiado pola Federación Española de Ciencia e Tecnoloxía (FECYT) na **Convocatoria de axudas para o Fomento da Cultura Científica, Tecnolóxica e da Innovación**.

Iniciamos o programa o 9 de febreiro co Encontro xuvenil "Vocacións científicas e novas profesións", continuamos nestes meses coas actividades STEAM nos centros educativos e os roteiros científicos, entre outras. E agora, para todas as idades:

II FEIRA DE CIENCIA

Xoves, 4 maio | Talo Río | Todo día

A exposición de proxectos + Visitas guiadas

Público xeral todas as idades | 10:00 - 14:00 e 16:00 - 19:00 h | Talo Río

Esta é a actividade principal da Feira e consiste na exposición de proxectos de investigación que inclúen demostracións científicas. Expoñen o alumnado da ESO e BAC dos centros educativos do municipio e outros centros. En cada stand haberá un grupo de alumnos/as que explicará o seu proxecto ao público visitante co fin de divulgar o traballo realizado; interactuando co público, resolvendo dúbidas e comentando os resultados obtidos, así como, curiosidades do proceso levado a cabo. Expositores organizados por zonas:

- ZONA A - 1º e 2º ESO
- ZONA B - 3º e 4º ESO
- ZONA C - 1º e 2º BAC

Como visitar a Feira?

- **Visitas libres** no horario da Feira sen inscrición.
- **Visitas interactivas guiadas** por persoal experto dirixidas a grupos (centros educativos, centros e maiores, asociacións,..).

Inscricións en liña **Ata o 3 de maio**.

Horarios: 10:00 a 10:45 h | 11:00 a 11:45 h | 12:00 a 12:45 h | 13:00 a 13:45 h | 16:00 a 16:45 h | 17:00 a 17:45 h | 18:00 A 18:45 h

Actividades CIENCIA CREATIVA durante a Feira

Obradoiro "A ciencia da cosmética"

Grupo pechado BOAS APERTAS

Público + 55 anos | 11:00 - 12:00 h | Talo Río

Obradoiro "Cidadáns da Ciencia"

Descrición: realizaremos unha investigación centrada na poboación de Soutomaior. Por parellas e equipados con tablets, recolleremos información sobre relativa as condicións ecolóxicas e medioambientais (nivel de ruídos, plantas que podemos atopar na zona, etc...). Con todos os datos recollidos, reflexionaremos sobre como esta información pode ser de utilidade para a ciencia.

Inscricións en liña **Ata o 3 de maio**

Público xeral todas as idades + 5 anos | 16:30 - 17:30 h | Talo Río

Obradoiro "Científicas/os dixitais"

Hoxe en día podemos colaborar con científicas e científicos de todo o mundo simplemente dispendo de un dispositivo con conexión a Internet. Durante o obradoiro, descubriremos a importancia da ciencia cidadá para posteriormente colaborar en proxectos de diferentes ámbitos, como a astronomía ou a ecoloxía

Inscricións en liña **Ata o 3 de maio**

Público xeral todas as idades + 5 anos | 18:00 - 19:00 h | Talo Río

Espectáculo "Descubrinto a Ciencia"

Público xeral todas as idades | 19:30 - 20:30 h | Talo Río.

Coa colaboración de

